

GUÍA BÁSICA PARA REALIZAR UN COMENTARIO DE TEXTO

Lectura atenta do texto:

A fase previa ao comentario debe ser a realización dunha lectura atenta do texto, subliñando aquelas palabras ou frases que consideremos teñen maior relevancia e poden ofrecernos as ideas principais, así como aquelas que descoñecemos e teremos que buscar para poder traballar o texto con garantías.

Definición e clasificación:

En segundo lugar comezaremos por explicar o tipo de texto: identificar si é unha fonte primaria aclarando a súa natureza (xurídica, política, social, relixiosos, etc.) ou ben secundaria (historiográfica, literaria, filosófica, etc.). Continuaremos por datalo (o texto e os feitos que referencia) e identificar a súa autoría facendo referencia ao papel histórico que xoga en relación co texto e facer unha pequena reseña biográfica da mesma. No caso de que sexa un texto facilmente identificable de especial relevancia histórica podemos comezar o comentario mencionando o nome do documento para continuar despois coa súa clasificación (por exemplo: o seguinte documento é un fragmento da Constitución de 1978 que é unha fonte primaria de tipo xurídico...)

Análise e comentario do documento:

Pasaremos agora a tratar de explicar o contido do texto comezando por elaborar un breve resumo do mesmo expoñendo de maneira clara a idea ou ideas principais. Podemos citar textualmente onde están recollidas ditas ideas. Esta parte debe ser a introdución ao comentario.

A parte do comentario debe ser a máis extensa e na que demostras a túa capacidade relación e de análise histórica. Neste apartado hai que relacionar o texto coa situación histórica a que fai referencia. É o momento de aplicar a extensión dos nosos coñecementos ao texto seguindo esta orde:

- 1- Marco cronolóxico
- 2- Antecedentes (causas e circunstancias que orixinan o alcance do texto)
- 3- Exposición dos feitos (contidos históricos do texto)
- 4- Consecuencias (transcendencia do seu contido, é dicir, todo o máis importante que del se deriva)

Conclusión: Debe sintetizar o tema fundamental co que están relacionados os feitos históricos comentados a partir do texto. Se no inicio fixeches referencia a idea fundamental do texto na conclusión se trata de expoñer a idea fundamental que ordena os feitos e procesos comentados e que son a súa esencia.

Valoración crítica:

Neste apartado final, o comentarista debe facer un xuízo de valor sobre o documento. Poderían abordarse cuestións sobre a calidade do texto, autenticidade, intencións do autor, valor historiográfico, etc.